

Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2010.

O obxecto desta orde é a regulación das accións formativas de carácter experimental e complementario respecto das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. Neste sentido, a regulación das subvencións para accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, que conta cun catálogo preestablecido de especialidades homologadas, pode deixar sen atender especialidades formativas de especial interese, tanto desde o punto de vista do colectivo que atenden como dos sectores produtivos aos cales se dirixen.

Polo Decreto 69/1993, do 10 de marzo, a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento (CE) 396/2009, do 6 de maio, sinala que o Fondo apoiará, entre outras, as accións nos Estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

O Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, regula a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, relativas á formación profesional para o emprego.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

A Orde TIN/2965/2008, do 14 outubro, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, determina os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 12.05.323.A.444.0 (209.424 €), 12.05.323A.460.0 (800.000 euros), 12.05.323A.471.0 (1.111.511 euros), 12.05.323A.481.0 (1.051.403 euros), código de proxecto 201000760, programa operativo FSE 2007-2013 Galicia, CCI2007 ES051PO004 que figuran na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e que constitúe o importe global máximo que se destina para estas subvencións. Destas cantidades, o 80% achégao o Fondo Social Europeo e o 20% a Administración autonómica.

Consecuentemente con todo o anterior, consultaos o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Galego de Formación Profesional, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a convocatoria pública como a execución de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, correspondentes ao exercicio de 2010, xestionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-*Accións subvencionables.*

1. As accións formativas reguladas nesta orde están dirixidas prioritariamente ás persoas en desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego en data anterior á súa incorporación á acción formativa e agrúpanse en dous programas:

a) Cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas, así como daquelas entidades expresamente vinculadas ás universidades, dirixidos á mellora da empregabilidade das persoas con titulación universitaria, que teñan carácter ocupacional e sexan útiles para a mellora da inserción laboral das persoas posgraduadas.

b) Accións de carácter experimental que non teñan cabida nas especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal e que melloren a empregabilidade das persoas destinatarias, sempre que haxa expectativas razoables de inserción laboral das alumnas e dos alumnos participantes. Non se considerarán experimentais aquelas especialidades que se limiten a combinar distintos módulos formativos das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. As accións subvencionables están constituídas polas especialidades formativas e polo módulo transversal de igualdade regulado no artigo 12º.3 desta orde.

3. As accións formativas non poderán ter en ningún caso unha duración superior a 600 horas no caso das accións reguladas no parágrafo 1.a) deste artigo e de 300 horas para as reguladas no parágrafo 1.b), salvo autorización expresa da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

4. As entidades só poderán solicitar ata un máximo de cinco accións formativas por localidade.

5. Poderán participar ata un 40% de persoas traballadoras ocupadas en cada acción formativa, no suposto de que non se cubran as prazas con persoas desempregadas.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións para o desenvolvemento das accións formativas reguladas no artigo 2º desta orde:

Programa a: as universidades galegas, así como entidades expresamente vinculadas a elas.

Programa b: empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as entidades nas que conorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, tendo dereito os beneficiarios a facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do número 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa de crédito orzamentario ao que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

5. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

6. Os beneficiarios das axudas concedidas, tal e como se recolle no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorizan a inclusión destas axudas no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e máis o de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006 co contido e a forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 4º.-Axudas.

1. Todas as accións formativas incluídas nestes subprogramas serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución na proporción e contía determinada de acordo co establecido no artigo 6 desta orde, sempre que se trate de gastos elixibles e que se xustifiquen de acordo co establecido nesta orde e no resto de normativa de aplicación.

2. Nas accións formativas dirixidas especificamente a alumnas e alumnos con discapacidade incrementárase o importe da subvención nun 35% co obxecto de financiar o persoal de apoio e a adaptación curricular ou do material didáctico que sexa necesario para garantir a adquisición de competencias por parte deste alumnado.

3. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública da mesma natureza e para a mesma acción.

Artigo 5º.-Custos subvencionables.

1. De acordo co que se establece no Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión das Comunidades Europeas, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (CE) ás axudas á formación, e sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) 1828/2006, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional e o Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo, serán subvencionables os seguintes gastos:

-Custos do persoal docente, así como os gastos de desprazamento deste persoal, ata un máximo do 40% do custo total do curso. Excepcionalmente, por razóns da peculiaridade da docencia que hai que impartir a Dirección Xeral de Formación e Coloca-

ción poderá autorizar o incremento desta porcentaxe.

-Os gastos de desprazamento das persoas beneficiarias da formación. A entidade impartidora terá a obriga de compensar os gastos por este concepto a todo o alumnado. Para cubrir estas necesidades ás persoas beneficiarias aboaráselles en concepto de axuda de desprazamento 7 € por día lectivo, tendo en conta que non percibirán esta axuda os días de ausencia, sexan ou non xustificadas as faltas.

-Gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo ou as que sexan apreciadas como necesarias e autorizadas expresamente pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

-Outros gastos correntes tales como materiais e subministracións na parte proporcional que corresponda. Poderanse incluír neste punto o conxunto de gastos non directamente vinculados ao obxecto último da acción formativa pero indispensables para impartila, como gastos de limpeza, auga, electricidade, teléfono, combustibles... Poderán incluírse, así mesmo, os gastos de alugueres, tanto de instalacións como de maquinaria.

-A amortización dos instrumentos, equipos e instalacións en proporción á súa utilización exclusiva para o proxecto de formación de que se trate.

-Os custos dos servizos de asesoría en relación coa acción de formación. Poden imputarse nesta epígrafe os gastos de asesoría legal como informes xurídicos ou consultas xurídicas; gastos de notaría e rexistros; gastos de asesoramento técnico tales como informes técnicos, peritaxes e taxacións; gastos de asesoramento financeiro como consultoría financeira, así como gastos de coordinación das accións formativas. As entidades impartidoras non poderán imputar por este concepto un importe superior ao 10 por cento do importe total dos gastos de docencia. Estes gastos soamente serán subvencionables se están directamente relacionados e son indispensables para a adecuada preparación e execución da actividade subvencionada.

-Os custos de avaliación e control da calidade da formación, ata o 5% do custo subvencionado para a impartición da acción formativa.

En todo caso, nestas axudas respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

2. En todo caso, os custos subvencionables deberán responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificadas mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Os pagamentos poderanse realizar polos seguintes medios:

-Transferencia bancaria.

-Cheque nominativo co seu xustificante de movemento de fondos

-Pagamentos en efectivo: condicións para a correcta acreditación do pagamento: debe presentar un recibo asinado e selado polo provedor no que estea suficientemente identificada a empresa que recibe o importe e no que consten o número e a data de emisión do xustificante de pagamento, así como o nome e o NIF da persoa que o asina. No suposto de que o pagamento se acredite mediante recibín consignado no mesmo documento xustificativo do gasto, este deberá conter a sinatura lexible indicando a persoa que o asina, o seu NIF e o selo do provedor. Os pagamentos a docentes deberanse facer obrigatoriamente por transferencia ou cheque.

3. Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificadas é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento. Por exemplo, que apareza especificado o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de provedor e importe non e garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o antedito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos os xustificantes de pagamento corrixidos con notas a man, rectificando calquera equivocación.

Artigo 6º.-Módulos económicos.

1. Os módulos económicos aplicables para efectos de liquidación das subvencións concedidas para o financiamento das accións formativas incluídas nesta orde serán os que a continuación se establecen en función da modalidade de impartición e nivel da formación:

Modalidade de impartición	Nivel de formación	
	Básico	Superior
Presencial	8 euros	12 euros
A distancia	5 euros	
Teleformación	6,75 euros	
Mixta	Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia ou teleformación que teña a acción formativa.	

2. Excepcionalmente, e en función da singularidade de determinadas accións formativas que pola súa especialidade e características técnicas precisen dunha financiación maior, a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá autorizar, nas accións formativas de carácter presencial, a aprobación dun módulo superior, que en ningún caso poderá superar os 16 € por alumno e hora de formación. Esta autorización deberá pedirse xunto coa solicitude.

3. Na modalidade de impartición presencial, o módulo de nivel básico que capacita para desenvolver competencias e cualificacións básicas aplicarase cando se trate de impartir formación en materias transversais ou xenéricas.

4. O módulo de nivel superior aplicarase cando a formación incorpore materias que impliquen espe-

cialización e/ou capacidade para desenvolver competencias de programación e/ou dirección.

5. O importe das subvencións concretarase no produto das horas da acción formativa polo número de alumnas e alumnos e polo importe do módulo que se aplique en cada caso, en función dos criterios sinalados nos puntos anteriores.

6. O módulo transversal de igualdade valorarase de acordo co módulo económico da acción formativa á que acompañe.

7. Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificadas é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento, aparecendo especificado o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de provedor e importe non é garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o antedito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos os xustificantes de pagamento corrixidos con notas a man, rectificando calquera equivocación

Artigo 7º.-Subcontratación.

1. As entidades beneficiarias de todos os programas regulados nesta orde poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción formativa. Ademais, as entidades subcontratistas deberán facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. No caso de accións formativas subcontratadas, a solicitude de calquera modificación respecto da execución das accións concedidas deberá ser efectuada pola entidade beneficiaria. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100% da acción formativa.

2. En ningún momento se poderá subcontratar coas persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta convocatoria que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

3. As axudas previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

4. No non previsto neste artigo, será de aplicación o artigo 27 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas deberán:

1. Requirir de cada alumna e alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá archivarase separadamente por cada acción formativa:

-Copia simple do DNI.

-Ficha individual.

-Copia do título do módulo transversal de igualdade, de ser o caso.

2. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación e ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente:

a) Como mínimo cinco días antes do inicio da acción formativa:

-As datas de inicio e remate e o horario de impartición.

-A planificación temporal dos módulos da acción formativa.

-O enderezo completo do lugar de impartición.

-A relación nominal dos docentes especificando os seus DNI.

-Acreditación da formación e/ou experiencia profesional dos/das docentes. As persoas físicas ou xurídicas encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica deberán acreditar formación e/ou experiencia profesional en materia de xénero.

b) O día de inicio de cada acción formativa:

-Certificación xustificativa do seu comezo e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no punto anterior.

3. Enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación:

a) Dentro dos 10 días seguintes ao inicio da acción formativa a seguinte documentación:

Informaticamente.

-Ficha de inicio que se cubrirá na aplicación informática SIFO (Sistema Informático de Formación Ocupacional) na epígrafe de seguimento de cursos.

Documentalmente:

-Relación nominal das alumnas e dos alumnos, especificando número do DNI.

-Copia simple dos seus DNI.

-Copia da póliza de seguros contratado co xustificante do seu aboamento, de ser o caso.

A entidade impartidora archivará unha copia desta documentación separadamente por cada acción formativa.

b) Mensualmente:

-Na modalidade presencial, fotocopia do parte de asistencia, que poderá xerarse na aplicación informática SIFO (Sistema Informático de Formación Ocupacional) unha vez cuberta a información necesaria. Nas outras modalidades de formación, as evidencias suficientes de participación do alumnado.

4. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro, para a modalidade presencial, ou poñer en coñecemento do alumnado, no resto das modalidades, o programa completo da acción formativa temporizado por módulos, os dereitos e deberes do alumnado e dos centros colaboradores, así como a relación de docentes e o horario da acción formativa. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores da acción formativa.

5. Aboar mensualmente aos alumnos e alumnas as axudas ás que teñan dereito, así como ao profesorado a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise os anticipos previstos nesta orde.

6. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Traballo e Benestar, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa.

7. Contratar un seguro de accidentes para os alumnos e alumnas, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Esta obriga rexerá exclusivamente para as accións formativas de carácter presencial, así como para a parte presencial das mixtas.

A cobertura mínima deste seguro será a seguinte:

-En caso de morte: 36.000 €.

-En caso de invalidez permanente: 42.000 €.

-Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

8. Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas. A realización destas prácticas ou actividades deberá ser autorizada pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación cando non figuren no programa formativo presentado pola entidade.

9. Velar por que todos os alumnos e alumnas dunha acción formativa reciban a mesma formación, así como o mesmo número de horas tanto teóricas como prácticas, independentemente de que a parte

práctica teña lugar no propio centro ou en centros de traballo.

10. Comunicarlles aos departamentos territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución das accións formativas programadas, no prazo de cinco días desde que se produza.

11. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, con cinco días de antelación, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento das accións formativas.

12. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

13. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Dirección Xeral de Formación e Colocación, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

14. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo da Unión Europea e o slogan «O Fondo Social Europeo inviste no teu futuro» e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

Nos anuncios de convocatoria, na publicidade en xeral e en calquera outra documentación relativa aos cursos non se poderán utilizar outros slogans, símbolos e/ou logotipos que os especificados nos puntos anteriores.

15. Informar o alumnado do cofinanciamento das accións formativas por parte da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

16. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

17. Informe individualizado de cada alumna e alumno cualificando os progresos acadados en cada un dos módulos profesionais da acción formativa.

18. Todas as entidades beneficiarias de subvencións deberán acreditar, con independencia da súa contía, tanto antes de se ditar a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que o beneficiario xunte á solicitude a debida autorización para que a citada información

sexa solicitada polo órgano xestor das axudas. Todo isto sen prexuízo das excepcións recollidas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

A presentación da solicitude de concesión pola persoa interesada das subvencións reguladas nesta orde comportará a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

19. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións reguladas nesta orde, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación das resolucións de concesión.

20. A/o beneficiaria/o da subvención estará obrigado a conservar os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de 4 anos e computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da/o beneficiaria/o. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunitarios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

21. Dispoñer dos libros contables, rexistros diligenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á/o beneficiaria/o en cada caso coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común a todos eles de formación para o emprego.

22. No non previsto neste artigo, será de aplicación o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. Segundo o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou da axuda pública percibida no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. O incumprimento por parte do beneficiario do prazo de realización ou de xustificación das accións concedidas suporá, de forma automática, a perda do dereito á percepción da axuda concedida.

3. No caso de incumprimento parcial das accións realizadas, a cantidade que vai percibir o beneficiario da subvención quedará reducida de forma proporcional ás accións non realizadas.

Artigo 10º.-Pagamento e liquidación das subvencións.

A) Documentación para presentar.

1. As entidades impartidoras deberán enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, dentro dos 15 días seguintes ao remate da acción formativa, a xustificación dos custos inherentes a el, a través do Sifo e enviando posteriormente a seguinte documentación, que deberá presentarse por cada acción formativa selada e asinada:

-Cubrir a ficha SIFO de finalización.

-Solicitude de liquidación final.

-Relación de facturas.

-Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción formativa.

-Certificación dos gastos.

-Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

-Memoria final de actividades en que se faga constar, segundo os casos, unha descrición detallada da execución da acción formativa, dos colectivos atendidos, grao de inserción laboral, así como unha valoración do carácter experimental da acción formativa.

-Todas as entidades deberán acreditar, con independencia da súa contía e antes de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións recollidas no artigo 48 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

2. Os custos das accións formativas amparadas por esta orde só poderán imputarse a partir da data de concesión da subvención.

B) Sistemas de pagamento.

1. O aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 65 por 100 do importe de cada acción formativa, en concepto de anticipo, no momento no que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade impartidora na que se notifique o inicio de cada acción formativa, así como a documentación sinalada nos parágrafos 1, 2 e 3 do artigo 8º desta orde, de ser o caso.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificadas os gastos realmente efectuados en cada unha.

c) Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que a entidade

beneficiaria xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida.

d) Para o caso de que se subvencionen varios cursos a unha mesma entidade, poderanse aboar anticipos de ata o 65% da subvención concedida, unha vez que a entidade acredite o inicio do primeiro dos cursos, sempre que se constitúa garantía a favor da Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

No suposto de que o beneficiario sexa unha administración pública, exixírase igualmente a prestación da garantía.

2. No caso de que non inicien a acción formativa o total do alumnado para os que se aprobou, ratearase o importe que se vai aboar ata o número máis alto de alumnas e alumnos acadado no seu primeiro cuarto.

3. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Colocación emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

No caso de que a xustificación fose incorrecta, requirírase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida.

Artigo 11º.-*Avaliación, calidade, seguimento e control das accións formativas.*

1. As entidades beneficiarias deberán destinar para a avaliación e control da calidade da formación ata un 5% da subvención concedida.

As persoas participantes avaliarán a calidade das accións a través dun cuestionario de avaliación de calidade que cubrirá, polo menos, os seguintes ámbitos específicos de información:

Valoración xeral da acción formativa.

-Contidos: a súa adecuación ás expectativas e necesidades de formación, así como utilidade dos contidos para a traxectoria profesional da traballadora ou traballador.

-Profesorado: o seu nivel de preparación, de especialización e de comunicación.

-Medios didácticos: valoración dos medios utilizados e a súa adecuación aos contidos.

-Medios técnicos: a súa dispoñibilidade, adecuación e estado de funcionamento.

-Instalacións: luminosidade, amplitude, ventilación, condicións climáticas e accesibilidade.

-Organización: composición e homoxeneidade do grupo de formación, número de alumnas e alumnos, información previa recibida, horarios e duración.

Teñen a obriga de cubrir o cuestionario todos/as os/as alumnos/as que participen nas accións formativas reguladas pola presente orde. Será cuberto polos participantes ao seu remate.

As entidades beneficiarias son as responsables do proceso de avaliación da calidade das accións formativas, tanto da distribución, gravación e explotación dos cuestionarios, como da realización dun informe de resultados que conterá unha tabulación coa totalidade delas e que se empregará para análise da calidade das accións executadas.

Poderase realizar calquera outra actuación que se considere axeitada para a avaliación da calidade das accións formativas.

2. Sen prexuízo da utilidade que estas avaliacións teñen para as entidades beneficiarias e os centros ou institucións impartidoras da formación, a Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá requirir destas a achega dos correspondentes cuestionarios, ou ben o resultado da súa tabulación, co fin de analizar a calidade das accións reguladas nesta orde.

3. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación e os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar correspondentes aplicarán un sistema de seguimento e control, que consistirá na realización de visitas ás accións formativas aprobadas e enquisas ao alumnado e ao persoal docente, e emitírase un informe respecto do progreso da acción e do seu grao de execución en cada momento.

4. A Dirección Xeral de Formación e Colocación poderá realizar unha avaliación externa das accións formativas impartidas ao abeiro desta orde que terá os seguintes obxectivos mínimos:

a) A adecuación das accións formativas ás necesidades do mercado laboral.

b) A incidencia e impacto da formación para o emprego no mantemento do emprego e na promoción das traballadoras e dos traballadores.

c) O acceso á formación profesional para o emprego, especialmente das persoas traballadoras de pemes e dos restantes colectivos prioritarios.

d) A eficacia e eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

e) Os niveis de aprendizaxe e a súa aplicación no posto de traballo.

5. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puidesen ser emendadas no prazo concedido para o efecto, e que incidan negativamente na súa calidade docente, procederase á súa cancelación por resolución motivada da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

CAPÍTULO II
DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Artigo 12º.-*Das accións formativas.*

1. Defínense como accións formativas aquelas dirixidas á adquisición de competencias profesionais, teórico ou prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos, contidos e duración propias, comúns a todos os participantes. As accións formativas non poderán ter en ningún caso unha duración inferior a 10 horas e a participación dos/as alumnos/as nas accións formativas non poderá superar a 8 horas diarias.

2. As accións formativas estarán constituídas polas especialidades formativas e polo módulo transversal de igualdade.

3. Segundo o artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres de Galicia, na totalidade das actividades formativas de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa financiadas polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas.

Código	Descrición	Horas
FCOXXX01	Formación para a Igualdade	5
FCOXXX05	Formación para a Igualdade	10

(A documentación de referencia destes módulos poderá consultarse en: <http://traballoebeneficio.xunta.es/formacionparaoemprego/modulotransversais>)

4. A data límite para o remate e xustificación das accións formativas será, como norma xeral, o 31 de outubro de 2010. Excepcionalmente, por causas xustificadas, logo de presentada a solicitude da entidade interesada, e sempre precedendo autorización da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación, as accións formativas reguladas nesta orde poderán rematar ata o 30 de novembro do 2010.

Artigo 13º.-*Selección do alumnado.*

1. A selección realizarase mediante sondaxe pola oficina de emprego correspondente entre as persoas demandantes inscritas nela.

2. No caso de que por este sistema non se consigan alumnas e alumnos suficientes para a acción formativa, a entidade adxudicataria poderá realizar unha convocatoria pública, que se deberá publicar, como mínimo, nun dos xornais de maior tiraxe da comunidade autónoma. No anuncio en prensa os logotipos deberán figurar coa seguinte distribución: na parte superior esquerda o da Xunta de Galicia, na parte superior dereita o da Unión Europea e o slogan «O Fondo Social Europeo inviste no teu futuro», e na parte inferior dereita o do centro impartidor.

3. Excepcionalmente, por razón da peculiaridade do colectivo ao que se dirixe a acción formativa, a entidade poderá seleccionar directamente o alumna-

do, logo de autorización da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

4. En calquera caso, do resultado da selección daráselle conta á oficina de emprego que corresponda.

5. As accións formativas nas que, a pesar de que se intentase completar o número de alumnas e alumnos, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50 por 100 do número programado, agás que as baixas se produzan por colocación do alumnado, poderán ser canceladas pola Consellería de Traballo e Benestar. En caso de cancelación, a entidade terá dereito a unha indemnización, que será proposta pola comisión de valoración prevista no parágrafo 5 do artigo 18º e aprobada pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación, calculada de acordo co principio de proporcionalidade.

6. As persoas integrantes do alumnado que resulten seleccionadas para unha acción formativa non poderán asistir simultaneamente a outra incluída dentro da programación de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar e, salvo autorización expresa da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación, por causas excepcionais debidamente xustificadas, non poderán causar baixa nunha para acceder a outra dentro desa programación.

7. No caso de que se produzan baixas durante o desenvolvemento da acción formativa, as entidades impartidoras poderán incorporar alumnas e alumnos dentro do seu primeiro cuarto.

Artigo 14º.-*Dereitos e deberes do alumnado.*

1. A formación será gratuíta para a totalidade dos alumnos e alumnas das accións formativas do programa b recollido no artigo 2º desta orde.

Para as accións formativas do programa a recollido no artigo 2º, as entidades impartidoras poderán cobrar dereitos de matrícula.

2. Terán a obriga de realizar e seguir con aproveitamento as accións formativas, e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade impartidora. Na modalidade presencial, no caso de que as faltas de asistencia sen xustificar dalgún alumno ou alumna superen o 25% das horas lectivas, deberá ser dado de baixa na acción formativa; na modalidade a distancia, teleformación ou na parte correspondente a calquera destas dúas modalidades para a formación mixta, serán dados de baixa cando a alumna ou alumno non realice o 25% das avaliacións.

3. Na modalidade presencial, os alumnos e alumnas que rematen as accións formativas con aproveitamento, e asistisen como mínimo ao 75% das súas horas lectivas, recibirán un diploma acreditativo desta circunstancia. Así mesmo, terán dereito ao diploma os alumnos e as alumnas que causen baixa por colocación, cando o persoal docente coide que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel da acción formativa e asistisen, como mínimo, ao 75% das horas lectivas.

Na modalidade a distancia ou teleformación, os alumnos e alumnas que superen con aproveitamento

o 75% das avaliacións da acción formativa recibirán un diploma acreditativo desta circunstancia.

4. Os alumnos e alumnas que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e módulos que realizen.

5. Os/as alumnos/as que acrediten documentalmente estar en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de igualdade de duración igual ou superior a 10 horas estarán exentos da realización do módulo transversal de Formación para a Igualdade.

Artigo 15º.-Modalidades de impartición das accións formativas.

1. As accións formativas poderán desenvolverse nas modalidades presencial, a distancia, teleformación ou mixta. En todo caso, no anexo II da solicitude deberá especificarse expresamente a modalidade pola que optan e, se é mixta, indicarán as horas de cada unha delas.

2. En todas as modalidades de impartición deberanse incluír evidencias necesarias para comprobar que o alumnado recibe a formación impartida.

Na modalidade de teleformación e a distancia programarase como mínimo un control periódico de aprendizaxe cada 10 horas de formación ou fracción, entendendo como fracción cada unidade inferior ou igual a 10 horas.

CAPÍTULO III

DA CONVOCATORIA PÚBLICA

Artigo 16º.-Solicitudes.

1. As entidades que desexen colaborar na impartición das accións formativas previstas nesta orde deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I a esta orde, e que se subministrará nos departamentos territoriais correspondentes da Consellería de Traballo e Benestar, na Dirección Xeral de Formación e Colocación ou en calquera das oficinas administrativas de Información e Atención ao Cidadán, suscrita pola persoa titular ou representante legal da entidade debidamente acreditado e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

b) Licenza municipal de apertura da actividade da que se trate do local ou locais onde se vaia desenvolver a acción solicitada, só para aqueles centros que non estean homologados.

No seu defecto, este documento poderá ser substituído por algún dos seguintes:

-Centros de titularidade municipal: certificación do secretario ou secretaria municipal no que se acredite que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esta finalidade.

-Entidades privadas: declaración responsable de quen exerza a súa representación legal na que se faga constar esta circunstancia (deberá axustarse ao anexo III desta orde).

-Entidades públicas (centros de formación, centros sanitarios, etc.): calquera outro documento que acredite a súa idoneidade para impartir formación.

c) Unha ficha por cada unha das accións formativas no modelo normalizado segundo o anexo II.

d) Unha memoria-proxecto, na que se fará referencia, polo menos, aos seguintes extremos:

-Descrición da acción formativa, na que se especificarán os obxectivos de inserción laboral e o programa formativo.

-Breve memoria na que xustifique a solicitude das especialidades nunha orde de accións formativas de carácter experimental.

e) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes.

f) Declaración responsable de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións.

g) Acreditación documental de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións recollidas no artigo 48 da Lei 9/2009, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

h) Declaración responsable do compromiso de desenvolvemento das accións formativas en galego, de ser o caso.

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación e Colocación e poderanse presentar por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As entidades que soliciten accións formativas incluídas en programas diferentes deberán formalizar unha solicitude independente para cada un deles.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

4. A presentación da solicitude de concesión de axudas ou subvencións pola entidade interesada comportará a autorización á Consellería de Traballo e Benestar para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributa-

ria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Artigo 17º.-Prazo.

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte á publicación desta orde.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou de que a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente requirirase á entidade solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fai así, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Artigo 18º.-Instrución do procedemento.

1. O órgano instrutor do procedemento é a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o de concurrencia competitiva regulado no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas concrecións que se establecen nos seguintes apartados.

3. Recibidas as solicitudes procederá ao estudo e a cualificación destas pola comisión de valoración que, unha vez analizada a documentación achegada polas entidades solicitantes, emitirá informe sobre os expedientes aplicando os criterios de valoración establecidos nesta orde.

4. Á vista dos expedientes e dos informes preceptivos que se emitan, a Dirección Xeral de Formación e Colocación, como órgano instrutor, formulará proposta de resolución.

5. Para os efectos previstos neste artigo, a comisión de valoración estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, que a presidirá, e por dous vogais, dos que un actuará como secretario/a, designados de entre o persoal da Dirección Xeral de Formación e Colocación pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

6. Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidesen asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Artigo 19º.-Criterios de valoración.

1. Teranse en consideración para a valoración técnica das accións formativas, os seguintes criterios de puntuación:

a) Se as solicitudes presentan un proxecto formativo cunha metodoloxía innovadora ou que introduza de forma significativa as novas tecnoloxías para a impartición da acción formativa: ata 15 puntos.

b) Por comprometerse a facer prácticas profesionais non laborais nas empresas: ata 10 puntos.

O compromiso de realización de prácticas deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo V.

As prácticas profesionais non laborais nas empresas que se valoran son as realizadas fóra do programa formativo do curso e teñen que ter un mínimo dun 5% das horas totais do curso.

As prácticas non laborais deberán realizarse con posterioridade ao remate do curso e coa data límite do 30 de novembro.

c) Por solicitar facer cursos con compromiso de inserción laboral dos/as alumnos/as formados/as: ata 30 puntos.

O compromiso de inserción deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo VI.

O compromiso de inserción laboral dos/as alumnos/as formados/as valorarase respecto daqueles/as alumnos/as que non tivesen ningún tipo de relación laboral nin co centro de formación nin coa empresa onde se realizará a inserción.

As contratacións deberán realizarse con posterioridade ao remate do curso e coa data límite do 30 de novembro.

d) Certificación do sistema de xestión de calidade ISO 9001 ou plan de mellora EFQM, se se achegase: 5 puntos.

e) Experiencia e xestión do centro valorarase da seguinte forma, cun máximo de 15 puntos:

Para os centros que impartiron formación nalgunha das convocatorias da programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas:

-Informe técnico de seguimento: ata 10 puntos.

-Xestión administrativa e contable: ata 5 puntos.

f) O emprego da lingua galega na realización das accións formativas, puntuarase con 5 puntos.

2. A comisión de valoración determinará o número de cursos que se realizarán en cada comarca, en función da poboación desempregada, e o número de cursos que se realizarán por especialidade formativa atendendo ás necesidades do mercado de traballo e á diversificación da oferta formativa.

3. Unha vez ordenadas as solicitudes, serán financiadas as que superen a puntuación mínima establecida pola comisión de valoración a teor dos criterios establecidos no punto 1 deste artigo, ata esgotar a dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 20º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas, unha vez informada e fiscalizada a proposta pola Intervención Delegada, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, e deberá ser notificada aos interesados no prazo de dez días desde que se diten. Noti-

ficada a resolución definitiva, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

As entidades deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 14.1º c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Todo isto sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 48 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Dado que as axudas do programa regulado nesta orde están cofinanciadas polo FSE, na resolución de concesión informaráselle á entidade beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das entidades beneficiarias, das operacións e da cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que se publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006.

2. A resolución dos expedientes deberá producirse no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. En todo caso, transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados deberán entender desestimada a súa solicitude.

3. Contra as resolucións ditadas ao amparo desta orde, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Non obstante, poderase optar por interpor contra estas resolucións recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións será financiada con cargo aos programas 12.05.323.A.444.0 (209.424 €), 12.05.323A.460.0 (800.000 €), 12.05.323A.471.0 (1.111.511 €), 12.05.323A.481.0 (1.051.403 €), código de proxecto 201000760 que figuran na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Estas axudas son cofinanciadas polo FSE, nunha porcentaxe do 80 por cento, no tema prioritario 72 do eixe 3 do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Tercera.-Poderán ditarse resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á Comunidade Autónoma ou doutros remanentes dos módulos. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das tidas en conta para a resolución inicial.

Cuarta.-En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, no que sexa de aplicación, quedando os/as beneficiarios/as das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime normativo previsto nas citadas disposicións.

As axudas recollidas nesta orde estarán suxeitas ao que dispón o Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación, publicado no *Diario Oficial de las Comunidades Europeas* do 13 de xaneiro de 2001.

Quinta.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación para ditar as correspondentes resolucións de concesión e para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para a resolución dos procedementos de reintegro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Segunda.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDIMIENTO SOLICITUDE DE ACCIÓNS FORMATIVAS EXPERIMENTAIS E COMPLEMENTARIAS DO FICHEIRO DO SERVIZO PÚBLICO ESTATAL DE EMPREGO DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE A PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (FONDO SOCIAL EUROPEO)	CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO TR301J	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-1)
---	--	---

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO POSTAL	PROVINCIA	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

_____ , co documento nacional de identidade número _____ , como representante legal da entidade citada

EXPÓN: que, de acordo coa orde da Consellería de Traballo e Benestar que regula estas axudas, desexa realizar as accións formativas que se relacionan a continuación:

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA	PROGRAMA (1)
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

(1) A ou B. Non se poderán incluír na mesma solicitude accións formativas correspondentes a distintos programas.

DECLARA:

QUE A ESTA SOLICITUDE SE LLE XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE.
- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DO LOCAL OU LOCAIS ONDE SE VAI IMPARTIR A ACCIÓN SOLICITADA, OU, NO SEU DEFECTO, DOCUMENTACIÓN SUBSTITUTORIA , SE É O CASO.
- FICHA DE ACCIÓN FORMATIVA POR CADA UNHA DAS ESPECIALIDADES SOLICITADAS.
- MEMORIA - PROXECTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS SOLICITADAS.
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACCIÓN FORMATIVA, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.
- ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS SOCIAIS E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

QUE NON SE ENCONTRA EN NINGUNHA DAS SITUACIÓNS E PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓNS PÚBLICAS, SINALADAS NOS PUNTOS 2º E 3º DO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS, E NOS PUNTOS 2º E 3º DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA.

QUE ACEPTA AS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

QUE ACEPTA A INTRODUCCIÓN NO PROXECTO DAS MODIFICACIÓNS QUE SEXAN NECESARIAS PARA ADAPTALO AOS OBIECTIVOS FIXADOS POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E SE COMPROMETE A DESENVOLVER AS ACCIÓNS FORMATIVAS NOS MESMOS TERMOS EN QUE FOSEN APROBADAS.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

_____ de _____ de _____

(sinatura e selo)

Asdo: _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO II



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDIMIENTO	CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE A PERSOAS DESEMPREGADAS (FONDO SOCIAL EUROPEO)	TR301J	SOLICITUDE (S-2)

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA	Nº DE ALUMNOS/AS	Nº TOTAL DE HORAS		
LOCALIDADE/S DE IMPARTICIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA				
ENDEREZO/S DO LUGAR DE IMPARTICIÓN (DEBE COINCIDIR CO DA LICENZA DE APERTURA OU DA DOCUMENTACIÓN SUBSTITUTORIA, ACHEGADA XUNTO COA SOLICITUDE DAS ACCIÓNS FORMATIVAS)				
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	A ACCIÓN FORMATIVA VAI DIRIXIDA EXCLUSIVAMENTE A MINUSVÁLIDOS			
<input type="checkbox"/> PRESENCIAL <input type="checkbox"/> MIXTA <input type="checkbox"/> A DISTANCIA <input type="checkbox"/> TELEFORMACIÓN	HORAS PRESENCIAIS <input type="text"/> HORAS A DISTANCIA <input type="text"/> HORAS DE TELEFORMACIÓN <input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		
DURACIÓN DO CURSO				
MES INICIO	HORAS PRÁCTICAS	HORAS TOTAIS	HORARIO PREVISTO	TOTAL DÍAS LECTIVOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DA ACCIÓN FORMATIVA

APELIDOS	NOME		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CARGO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> A DE ENTRADA <input type="text"/> DATA DE EFECTOS <input type="text"/> DATA DE SAÍDA <input type="text"/>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de _____		

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE ACREDITATIVA DE QUE OS LUGARES ONDE SE IMPARTIRÁN AS ACCIÓNS FORMATIVAS SON APTOS PARA ESTA FINALIDADE

, con DNI ,
 na súa calidade de
 da entidade/empresa ,

EXPÓN:
 Que con motivo de presentar unha solicitude para a convocatoria de subvencións para a impartición de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público Estatal de Empleo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:
 Que o local que se identifica a continuación: , rúa ,
 núm. , localidade , reúne as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade exixidas pola lexislación vixente, e é apto para a impartición de accións formativas.

E para que conste, asínoo
 _____ , de _____ de _____

ANEXO IV

COMPROMISO DE PRÁCTICAS NON-LABORAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DO CENTRO <input type="text"/>			
ENDEREZO <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	
TITULAR XURÍDICO <input type="text"/>			NIF/CIF <input type="text"/>

DATOS DO CURSO

NÚMERO DO CURSO <input type="text"/> / <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> / <input type="text"/>
DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA <input type="text"/>	

DATOS DO COMPROMISO DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON-LABORAIS

NÚMERO DE ALUMNOS/AS A QUE VAI REFERIDO O COMPROMISO

EMPRESA/S COA/S QUE SE CONVEU A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

DENOMINACIÓN	CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

, con DNI ,

Como representante legal da entidade comprométese a realizar este compromiso de prácticas non-laborais con posterioridade ao remate do curso e coa data límite do 30 de novembro, e manifesta ter coñecemento de que a non execución do compromiso poderá levar consigo o reintegro total ou parcial da axuda concedida segundo o artigo 9 da Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Empleo Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2010.

_____ , de _____ de _____

ANEXO V

COMPROMISO DE INSERCIÓN DE ALUMNOS/AS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DO CENTRO		Nº DE CENSO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TITULAR XURÍDICO			NIF/CIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>

DATOS DO CURSO

NÚMERO DO CURSO	<input type="text"/>	/	<input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE	<input type="text"/>	/	<input type="text"/>
DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA							
<input type="text"/>							

DATOS DO COMPROMISO DE INSERCIÓN

NÚMERO DE ALUMNOS/AS A QUE VAI REFERIDO O COMPROMISO	<input type="text"/>
EMPRESA/S COA/S QUE SE CONVEU A REALIZAR AS PRÁCTICAS	
<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CIF</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
POSTO/S DE TRABALLO EN/EN QUE SE REALIZARÁ A INSERCIÓN	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
DURACIÓN PREVISTA DOS CONTRATOS E XORNADA LABORAL	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	
<input type="text"/>	

<input type="text"/>	con DNI	<input type="text"/>
<p>Como representante legal da entidade comprométese a realizar a inserción con posterioridade ao remate do curso e coa data límite do 30 de novembro e manifesta ter coñecemento de que a non execución do compromiso poderá levar consigo o reintegro total ou parcial da axuda concedida segundo o artigo 9 da Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades formativas do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2010.</p>		
<p>_____ , de _____ de _____</p>		